



www.oqueleo.com

© Xabier P. DoCampo

© Xosé Cobas

© Desta edición:

2017, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entreceras, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-60-0

Depósito legal: M-10006-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: marzo de 2017

Directora da colección:

Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega
y Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares,
salvo excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Nube de neve

Xabier P. DoCampo

Ilustracións de Xosé Cobas

oqueleo

4 Fora no mes de febreiro. Aquel día a súa nai non lle dixerá coma sempre:

—Veña, arriba! Que hai que ir á escola. Érguete axiña que xa é tarde!

Non. Desta vez díxolle:

—Oria, olla que bonito! Nevou e está todo branco.

Non se vían as cousas, só o branco. O branco máis branco que vira nunca. A neve cubría todo: as árbores que había diante da casa, a caseta do can, a estrada... Todo tomara unha forma arredondada e do ceo baixaban folerpiñas que caían amodiño.




Oria ollaba coa boca aberta e sen pestanexar.

- 6 Vestiu-se e, moi abrigadiña, saíu para a escola embaixo dun paraugas moi grande que se ía cubrindo de neve.


Aquel día non houbo clase. Estiveron a xogar coa neve. Lanzaron bólas e fixeron bonecos. O da clase de Oria era o máis bonito, coa súa bufanda, o seu nariz feito cun carozo de millo, os ollos con dúas castañas garulas que sobraran do magosto e a boca cunha fita do pelo.





A mestra explicoulles que a neve se forma cando as nubes arrefrían moito, tanto coma o frío que hai nun conxelador. E Oria pensou: «Vou coller unha nube e gardala no conxelador. Así terei neve cando queira.»

Pola tarde, cando saíu da escola subiu ao monte Toás, que estaba mesmo por detrás da súa casa.



10 Chegou ao curuto, púxose na punta dos pés e agarrou unha nube. Turrou por ela. A nube estricaba coma se non se quixese despegar do ceo. Envolvíaa contra o seu peito. Pesaba moito e case non podía con ela. Cando tivo un envurullo que lle pareceu grande abondo, deu un derradeiro pulo axudándose con todo o corpo e dando unha reviravolta. A nube despren- deuse do ceo.



Apertouna contra o chan cos xeonllos ata que lle coubo na carteira da escola. Puxo a mochila ao lombo e comezou a camiñar pola aba do monte, dobregadiña baixo o gran peso da nube de neve.

Foi dereita ao conxelador que había no soto e púxo a no fondo. Xa tiña a súa nube para facer nevar cando ela quixese.

Pasou o tempo e a Oria esqueceulle a nube por completo. Chegou o mes de maio e as árbores do xardín botaron flores. As primeiras foron unha ameixeira que se vestiu de lila e unha cerdeira que se puxo toda branca. Si, coma se lle caese enriba unha nevarada.

